

RESOLUCIÓN DO ÓRGANO DE SELECCIÓN DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN CON REFERENCIA 2018/CP/056, PARA UN COLABORADOR NAS TAREFAS DO CAMPUS INDUSTRIAL (CATEGORÍA TÉCNICO DE APOIO Á INVESTIGACIÓN), CONVOCADO POLA UNIVERSIDADE DA CORUÑA E PUBLICADO NA SÚA SEDE ELECTRÓNICA E NA PÁXINA WEB DA UDC O 10 DE ABRIL DE 2018

De acordo coa acta do órgano de selección da convocatoria de contratación con referencia 2018/CP/056, para un colaborador nas tarefas do Campus Industrial, publícase esta resolución:

Con data 10 de abril de 2018, publicouse no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC e na súa páxina web unha convocatoria das bases reitoras para a selección e contratación laboral dun técnico de apoio á investigación a tempo completo (Ref. 2018/CP/056), destinado a colaborar no desenvolvemento dunha aplicación web para a xestión de estatísticas.

1. O órgano de selección constituíuse na sala de reunións da Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social o día 18 de abril de 2018.
2. O Órgano de Selección estivo formado polos seguintes membros:
 - D^a Araceli Torres Miño, vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social da Universidade da Coruña, como presidenta
 - D. Domingo Calvo Dopico, vicerreitor de Economía, Infraestructuras e Sostenibilidade e coordinador do convenio, como vogal
 - D. Ginés Nicolás Costa, director do Campus Industrial de Ferrol, como secretario.
3. Tras o estudo e valoración das solicitudes presentadas o órgano de selección decide facer a proposta de adxudicación para a contratación laboral, por parte do Servizo de Investigación e da Xerencia da UDC, da solicitante que acadou unha maior puntuación:

RODRIGO SALGADO TENREIRO, dni 32702679Z

O órgano de selección decide publicar esta resolución no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC, outorgando ata o 23 de abril de 2018 para presentar reclamacións contra esta resolución ante a vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social da Universidade da Coruña, sen prexuízo doutros recursos administrativos que se poidan presentar.

Ferrol, 18 de abril de 2018

O secretario do Órgano de Selección

V.º e pr.
A presidenta do Órgano de Selección

Asdo.: Ginés Nicolás Costa

Asdo.: Araceli Torres Miño